

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 4514** *Real decreto 249/2010, do 5 de marzo, polo que se adaptan determinadas disposicións en materia de enerxía e minas ao disposto na Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.*

O 28 de decembro de 2006 entrou en vigor a Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (Directiva de servizos), que ten por obxectivo alcanzar un auténtico mercado único de servizos na Unión Europea a través da eliminación das barreiras legais e administrativas que actualmente limitan o desenvolvemento de actividades de servizos entre Estados membros. Para iso, os Estados membros verificarán e, segundo proceda, simplificarán os procedementos e trámites aplicables ao acceso a unha actividade de servizos e ao seu exercicio.

A incorporación da dita directiva ao ordenamento xurídico español produciuse mediante a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, á cal seguiu a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

A Lei 17/2009, do 23 de novembro, nos seus artigos 4 e seguintes establece os principios polos cales deber rexerse o noso ordenamento xurídico en materia de liberdade de establecemento. Entre tales principios adquire unha singular importancia o principio de excepcionalidade do réxime de autorización.

Por outro lado, a Lei 25/2009, do 22 de decembro, modifica, entre outras, a Lei 21/1992, do 16 de xullo, e dálle unha nova redacción ao seu artigo 13 no que respecta á habilitación de empresas instaladoras e de empresas mantedoras e ao novo Rexistro Integrado Industrial.

No marco do proceso de modificación das disposicións regulamentarias derivado da incorporación da Directiva 2006/123/CE, mediante este real decreto adáptanse determinadas disposicións en materia de enerxía e minas ás novidades introducidas polas leis que se sinalan nos parágrafos anteriores.

Así, en primeiro lugar modifícase o Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira, aprobado polo Real decreto 863/1985, do 2 de abril, e, en concreto, o seu artigo 126 en relación á autorización por parte da autoridade mineira do responsable de mantemento eléctrico.

Ademais aprovéitase para, así mesmo, modificar o artigo 11, coa finalidade de clarificar a situación en canto ás entidades que poden colaborar coa autoridade mineira competente en materia de inspección no ámbito obrigatorio do regulamento. Aínda que se mantén o termo de entidades colaboradoras da Administración (ECA), as condicións e requisitos de organización e funcionamento para estas entidades establécense en harmonía co establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial, para a figura de organismos de control autorizados (OCA), e determínanse uns prazos para a adecuación das entidades existentes.

Por outra parte, mediante este real decreto efectúase tamén a adecuación do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE), aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio; para o cal, na parte I do regulamento, se modifican

o índice, os artigos 17.2, 19.1, 19.5, 19.6, 20.1.c), 20.2, 20.3, 20.4, 21.1, 22.1, 22.3, 22.5, 23.1, 23.2.b), 24.4, 24.8, 25.4, 26.1, 26.5, 26.8, 28.1, 28.2.b), 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 41.1, 42, e para completar o disposto no artigo 36 e 38, engádense dous apéndices.

Os artigos 17.2, 19.1, 19.5, 19.6, 20.1.c), 20.2, 20.3, 20.4, 21.1, 22.1, 22.3, 22.5, 23.1, 23.2.b), 24.4, 24.8, 25.4, 26.1, 26.5, 26.8, 28.1, 28.2.b), do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE) modifícanse substituíndo o termo autorizado referido ás empresas instaladoras ou mantedoras polo termo habilitado, xa que non se supedita a autorización o exercicio da actividade senón á presentación dunha declaración responsable que habilita para o exercicio dela.

Co obxecto de adaptar os principios da lei ás empresas instaladoras e mantedoras previstas nos artigos 34 ao 41 do capítulo VIII do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE) modifícanse a maioría dos ditos artigos.

Así, o artigo 34, relativo a xeneralidades, modifícase substituíndo os termos autorización e autorizadas por habilitación e habilitadas. O artigo 35 modifícase no sentido de definir nel os conceptos de empresas instaladoras e empresas mantedoras de instalacións térmicas de edificios, mentres que o artigo 36 se modifica no sentido de definir nel o procedemento para a habilitación do exercicio da actividade das empresas instaladoras ou mantedoras.

O artigo 37 modifícase para definir de xeito expreso, claro e preciso no regulamento os requisitos que se deberán cumprir coa declaración responsable, eliminando aqueles que non estean definidos no propio regulamento. Tamén se modifica o artigo 38 no sentido de separar as disposicións do rexistro das condicións aplicables ao réxime de libre prestación. Por iso, este artigo dedícase a definir o procedemento para a libre prestación do servizo profesional en territorio español por parte das empresas legalmente establecida en calquera dos Estados membros da Unión Europea.

O artigo 39 modifícase co fin de establecer o rexistro dos datos das empresas instaladoras ou mantedoras que deberán dispor os órganos competentes das comunidades autónomas e a súa integración no Rexistro Integrado Industrial de ámbito estatal.

O artigo 40 modifícase co fin de recoller tanto o establecido no artigo 71 bis da Lei 30/1992, referente á imposibilidade de continuar no exercicio da actividade se unha resolución da Administración así o declara, como o disposto no artigo 4.4. da Lei 21/1992, do 16 de xullo, sobre o incumprimento dos requisitos e normas exixidos para o exercicio da actividade.

Modifícase tamén o número 1 do artigo 41 para achegar claridade respecto ao seu obxecto, que é acreditar a competencia técnica da persoa física que o obtén para o exercicio da actividade, cumprindo así un dos requisitos que se exixen para quedar habilitado para o seu exercicio, e o artigo 42 para ampliar as opcións previstas para acreditar o cumprimento da exixencia de ter os coñecementos prácticos e teóricos sobre instalacións térmicas en edificios, e, por último, engádense un anexo ao final da parte I co modelo de declaración responsable.

Na tramitación deste real decreto deuse cumprimento ao establecido no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, a través de Comisión Asesora para as Instalacións Térmicas dos Edificios e da Comisión de Seguridade Mineira, nas que foron oídas as comunidades autónomas, así como as asociacións profesionais e os sectores afectados.

Ademais, esta disposición foi obxecto do informe previsto no artigo 24.3 da referida Lei do Goberno.

A Directiva de servizos abre unha nova dimensión da política económica estatal e comunitaria, ao liberalizar os servizos, polos que o Estado, en definitiva, vén dar cumprimento a ese mandato ao abeiro da súa competencia exclusiva ex artigo 149.1.13ª da Constitución.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio e da ministra de Vivenda, coa aprobación previa da ministra da Presidencia, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 5 de marzo de 2010,

## DISPÕÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira, aprobado polo Real decreto 863/1985, do 2 de abril.*

Modifícase o Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira, aprobado polo Real decreto 863/1985, do 2 de abril, como segue:

Un. Modifícase o artigo 11, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 11.

1. A solicitude de posta en servizo de instalacións mineiras irá acompañada coa presentación:

a) Das declaracións de conformidade relativas ao material ou equipamento, e as certificacións ou homologacións se procede.

b) Dun certificado do director da montaxe no cal se garantirá o cumprimento das especificacións do proxecto e prescricións complementarias, se as houber, así como das regulamentacións e normas oportunas, na montaxe da instalación e posta a punto.

2. A autoridade mineira competente poderá utilizar para esta posta en servizo entidades colaboradoras da Administración (ECA) no ámbito deste Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira, se está dentro do alcance da súa acreditación. Igualmente poderá utilizar organismos de control autorizados (OCA) no ámbito doutros regulamentos de seguridade industrial, que estean autorizados para actuar no tipo de instalación obxecto da posta en servizo, e sempre que o Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira estableza que son de aplicación, sen restricións ou ampliacións, os ditos regulamentos.

3. As ECA son as persoas naturais ou xurídicas que, tendo plena capacidade de obrar, se constitúen coa finalidade de verificar o cumprimento de carácter obrigatorio das condicións de seguridade de instalacións regulada polo Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira, mediante actividades de certificación, ensaio, inspección ou auditoría, colaborando coa autoridade mineira competente.

As ECA, ao actuaren no ámbito do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira, rexeranse, no non especificamente regulado neste artigo, polo disposto para os organismos de control autorizados na sección 1.<sup>a</sup>, capítulo IV do Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial, aprobado polo Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro.

4. Cando unha empresa, por requirimento da autoridade mineira competente, solicite o informe dunha ECA, poderá seleccionar libremente unha, entre todas as rexistradas previamente, coa cal quedará obrigada a permitirlle o acceso ás súas instalacións facilitándolle a información, documentación pertinente e as súas condicións de funcionamento.

A autorización das ECA, que terá carácter renovable, corresponde á autoridade mineira competente onde os organismos inicien a súa actividade ou radiquen as súas instalacións.

As autorizacións outorgadas ás ECA terán validez para todo o territorio español.

Unha vez outorgada a autorización, comunicárase á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

5. Cando a autoridade mineira competente detecte unha actuación irregular dunha ECA, sen prexuízo das actuacións sancionadoras que procedan en canto á súa actuación no seu territorio, dará conta á autoridade mineira competente que concedeu a autorización, que poderá iniciar un procedemento para, se procede, retirar a autorización.

6. As ECA poderán subcontratar, total ou parcialmente, ensaios e auditorías de carácter complementario á súa actividade, con laboratorios de ensaio e entidades de inspección, dos definidos no capítulo III do referido Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguridade industrial. Queda baixo a súa responsabilidade que estas entidades subcontratadas reúnan as condicións de «terceira parte» en relación coa instalación ou produto obxecto da súa actuación.

Así mesmo, as ECA poderán subcontratar parcialmente outros servizos da súa actividade, diferentes aos sinalados no parágrafo anterior, con organismos alleos, sendo preceptivo que nestes casos se detallan as condicións da subcontratación, incluídas as relativas ao uso obrigatorio polo organismo contratado dos procedementos da ECA contratante.

Desta subcontratación deberá dar conta á empresa á cal presta o seu servizo e á autoridade mineira competente.

7. As ECA remitirán anualmente á autoridade mineira competente da comunidade autónoma en cuxo territorio desenvolvan a súa actividade:

- a) unha memoria detallada en que relacionen as actuacións realizadas no seu territorio nas actividades para as cales se autorizase;
- b) copia do informe de seguimento da entidade de acreditación que o acreditou, que confirme o mantemento das condicións de acreditación.

Así mesmo, as ECA remitirán anualmente á Comisión de Seguridade Mineira da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas unha memoria que deberá recoller de maneira ordenada e sistemática todos os aspectos previstos nas alíneas a) e b), respecto ás actividades levadas a cabo en todo o territorio español.»

Dous. Modifícase o artigo 126, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 126.

O empresario nomeará un responsable do mantemento eléctrico, cuxa categoría técnica estará en consonancia coa importancia da instalación. O devandito nomeamento deber ser comunicado á autoridade mineira competente.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE), aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo.*

O Regulamento de instalacións térmicas nos edificios (RITE), aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, queda modificado como segue:

Un. O capítulo VIII «Empresas instaladoras e mantedoras» da parte I «Disposicións xerais» do índice do regulamento queda redactado do seguinte modo:

#### «CAPÍTULO VIII

##### **Empresas instaladoras e mantedoras.**

Artigo 34. Xeneralidades.

Artigo 35. Empresas instaladoras e empresas mantedoras de instalacións térmicas de edificios.

Artigo 36. Habilitación de empresas instaladoras e empresas mantedoras.

Artigo 37. Requisitos para o exercicio da actividade.

Artigo 38. Libre prestación.

Artigo 39. Rexistro.

Artigo 40. Exercicio da actividade.

Artigo 41. Carné profesional de instalacións térmicas de edificios.

Artigo 42. Requisitos para a obtención do carné profesional.»

Dous. O número 2 do artigo 17 queda redactado da seguinte forma:

«2. Será elaborada por instalador habilitado, ou por técnico titulado competente. O autor da memoria técnica será responsable de que a instalación se adapte ás exigencias de benestar e hixiene, eficiencia enerxética e seguridade do RITE e actuará coordinadamente co autor do proxecto xeral do edificio.»

Tres. Os números 1, 5 e 6 do artigo 19 quedan redactados do seguinte modo:

«1. A execución das instalacións suxeitas a este RITE será realizada por empresas instaladoras habilitadas.»

«5. As modificacións que se puideren realizar ao proxecto ou memoria técnica serán autorizadas e documentadas, polo instalador habilitado ou o director da instalación, cando a participación deste último sexa preceptiva, logo de conformidade da propiedade.

«6. O instalador habilitado ou o director da instalación, cando a participación deste último sexa preceptiva, realizarán os controis relativos a:

- a) Control da recepción en obra de equipamentos e materiais;
- b) Control da execución da instalación;
- c) Control da instalación terminada.»

Catro. O artigo 20 queda redactado nos seguintes termos:

«1. Xeneralidades:

a) O control de recepción ten por obxecto comprobar que as características técnicas dos equipamentos e materiais subministrados satisfán o exixido no proxecto ou memoria técnica mediante:

- i. Control da documentación das subministracións;
- ii. control mediante distintivos de calidade, nos termos do artigo 18.3 deste regulamento;
- iii. control mediante ensaios e probas.

b) No prego de condicións técnicas do proxecto ou na memoria técnica indicaranse as condicións particulares de control para a recepción dos equipamentos e materiais das instalacións térmicas.

c) O instalador habilitado ou o director da instalación, cando a participación deste último sexa preceptiva, deben comprobar que os equipamentos e materiais recibidos:

- i. Corresponden aos especificados no prego de condicións do proxecto ou na memoria técnica;
- ii. dispoñen da documentación exixida;
- iii. cumpren coas propiedades exixidas no proxecto ou memoria técnica;
- iv. foron sometidos aos ensaios e probas exixidos pola normativa en vigor ou cando así se estableza no prego de condicións.

2. Control da documentación das subministracións. O instalador habilitado ou o director da instalación, cando a participación deste último sexa preceptiva, verificarán a documentación proporcionada polos subministradores dos equipamentos e materiais, que entregarán os documentos de identificación exixidos polas disposicións de obrigado cumprimento e polo proxecto ou memoria técnica. En calquera caso, esta documentación comprenderá, polo menos, os seguintes documentos:

- a) Documentos de orixe, folla de subministración e etiquetaxe;
- b) copia do certificado de garantía do fabricante, de acordo coa Lei 23/2003, do 10 de xullo, de garantías na venda de bens de consumo;

c) documentos de conformidade ou autorizacións administrativas exixidas regulamentariamente, incluídos a documentación correspondente á marcación CE, cando sexa pertinente, de acordo coas disposicións que sexan transposición das directivas europeas que afecten os produtos subministrados.

3. Control de recepción mediante distintivos de calidade. O instalador habilitado e o director da instalación, cando a participación deste último sexa preceptiva, verificarán que a documentación proporcionada polos subministradores sobre os distintivos de calidade que ostenten os equipamentos ou materiais subministrados, que aseguren as características técnicas exixidas no proxecto ou memoria técnica, sexa correcta e suficiente para a aceptación dos equipamentos e materiais amparados por ela.

4. Control de recepción mediante ensaios e probas. Para verificar o cumprimento das exixencias técnicas do RITE pode ser necesario, en determinados casos e para aqueles materiais ou equipamentos que non estean obrigados á marcación CE correspondente, realizar ensaios e probas sobre algúns produtos, segundo o establecido na regulamentación vixente, ou ben segundo o especificado no proxecto ou memoria técnica ou ordenado polo instalador habilitado ou o director da instalación, cando a participación deste último sexa preceptiva.»

Cinco. O número 1 do artigo 21 queda redactado da seguinte forma:

«1. O control da execución das instalacións realizarase de acordo coas especificacións técnicas do proxecto ou memoria técnica, e as modificacións autorizadas polo instalador habilitado ou o director da instalación, cando a participación deste último sexa preceptiva.»

Seis. Os números 1, 3 e 5 do artigo 22 quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Na instalación terminada, ben sobre a instalación no seu conxunto ou ben sobre as súas diferentes partes, deben realizarse as comprobacións e probas de servizo previstas no proxecto ou memoria técnica ou ordenadas polo instalador habilitado ou o director da instalación, cando a participación deste último sexa preceptiva, as previstas na instrución técnica 2 deste regulamento e as exixidas pola normativa vixente.»

«3. Todas as probas se efectuarán en presenza do instalador habilitado ou do director da instalación, cando a participación deste último sexa preceptiva, quen debe dar a súa conformidade tanto ao procedemento seguido coma aos resultados obtidos.»

«5. Cando para expedir o certificado da instalación sexa necesario dispor de enerxía para realizar probas, solicitaráselle á empresa subministradora de enerxía unha subministración provisional para probas por parte do instalador habilitado ou do director da instalación a que se refire este regulamento, e baixo a súa responsabilidade.»

Sete. Os números 1 e 2.b) do artigo 23 quedan redactados do seguinte modo:

«1. Unha vez finalizada a instalación, realizadas as probas de posta en servizo da instalación que se especifica na instrución técnica 2 deste regulamento, con resultado satisfactorio, o instalador habilitado e o director da instalación, cando a participación deste último sexa preceptiva, subscribirán o certificado da instalación.»

«2. b) Identificación da empresa instaladora, instalador habilitado con carné profesional e do director da instalación, cando a participación deste último sexa preceptiva.»

Oito. Os números 4 e 8 do artigo 24 quedan redactados da seguinte forma:

«4. A posta en servizo efectivo das instalacións estará supeditada, se é o caso, á achega dunha declaración responsable do cumprimento doutros regulamentos de seguridade que a afecten.»

«8. Rexistrada a instalación polo órgano competente da comunidade autónoma, o instalador habilitado ou o director da instalación, cando a participación deste último sexa preceptiva, fará entrega ao titular da instalación da documentación que se relaciona a continuación, que se debe incorporar no libro do edificio:

- a) O proxecto ou memoria técnica da instalación realmente executada;
- b) o «Manual de uso e mantemento» da instalación realmente executada;
- c) unha relación dos materiais e os equipamentos realmente instalados, na cal se indiquen as súas características técnicas e de funcionamento, xunto coa correspondente documentación de orixe e garantía;
- d) os resultados das probas de posta en servizo realizadas de acordo coa IT 2;
- e) o certificado da instalación, rexistrado no órgano competente da comunidade autónoma; e
- f) o certificado da inspección inicial, cando sexa preceptivo.»

Nove. O número 4 do artigo 25 queda redactado da seguinte forma:

«4. As instalacións manterán as súas características orixinais. Se son necesarias reformas, estas deben ser efectuadas por empresas habilitadas para iso de acordo co prescrito por este RITE.»

Dez. Os números 1, 5 e 8 do artigo 26 quedan redactados nos seguintes termos:

«1. As operacións de mantemento das instalacións suxeitas ao RITE serán realizadas por empresas mantedoras habilitadas.»

«5. Será obriga do mantedor habilitado e do director de mantemento, cando a participación deste último sexa preceptiva, a actualización e adecuación permanente da documentación contida no «Manual de uso e mantemento» ás características técnicas da instalación.»

«8. O titular da instalación poderá realizar con persoal do seu equipo o mantemento das súas propias instalacións térmicas, sempre e cando presente ante o órgano competente da comunidade autónoma unha declaración responsable de cumprimento dos requisitos exixidos no artigo 37 para o exercicio da actividade de mantemento.»

Once. Os números 1 e 2.b) do artigo 28 quedan redactados da seguinte forma:

«1. Anualmente o mantedor habilitado titular do carné profesional e o director de mantemento, cando a participación deste último sexa preceptiva, subscribirán o certificado de mantemento, que será enviado, se así se determina, ao órgano competente da comunidade autónoma, quedando unha copia del en posesión do titular da instalación. A validez do certificado de mantemento expedido será como máximo dun ano.»

«2.b) Identificación da empresa mantedora, mantedor habilitado responsable da instalación e do director de mantemento, cando a participación deste último sexa preceptiva.»

Doce. O artigo 34 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 34. *Xeneralidades.*

Este capítulo ten como obxecto establecer as condicións e requisitos que deben observarse para a habilitación administrativa das empresas instaladoras e empresas

mantedoras, así como para a obtención do carné profesional en instalacións térmicas en edificios.»

Trece. O artigo 35 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 35. *Empresas instaladoras e empresas mantedoras de instalacións térmicas de edificios.*

1. Empresa instaladora de instalacións térmicas en edificios é a persoa física ou xurídica que realiza a montaxe e a reparación das instalacións térmicas no ámbito deste RITE.

2. Empresa mantedora de instalacións térmicas en edificios é a persoa física ou xurídica que realiza o mantemento e a reparación das instalacións térmicas no ámbito deste RITE.»

Catorce. O artigo 36 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 36. *Habilitación de empresas instaladoras e empresas mantedoras.*

As persoas físicas ou xurídicas que desexen establecerse como empresas instaladoras ou mantedoras de instalacións térmicas de edificios deberán presentar, previamente ao inicio da actividade, ante o órgano competente da comunidade autónoma en que se establezan, unha declaración responsable na que o titular da empresa ou o seu representante legal manifieste que cumpre os requisitos que se exixen por este regulamento, que dispoñen da documentación que así o acredita e que se comprometen a mantelos durante a vixencia da actividade. A declaración responsable poderase presentar utilizando o modelo establecido no apéndice 4 deste regulamento.

De acordo co artigo 13.3 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a presentación da declaración responsable habilita as empresas instaladoras ou mantedoras, desde o momento da súa presentación, para o exercicio da actividade en todo o territorio español por tempo indefinido, sen que se poidan impor requisitos ou condicións adicionais.

Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, o titular da declaración responsable deberá ter dispoñible esta documentación para a súa presentación ante o órgano competente da comunidade autónoma, cando este así o requira no exercicio das súas facultades de inspección ou investigación.

As modificacións que se produzan en relación cos datos comunicados na declaración responsable así como o cesamento da actividade, deberán ser comunicados polo titular da declaración responsable ao órgano competente da comunidade autónoma onde obtivo a habilitación no prazo dun mes desde que se produzan.»

Quince. O artigo 37 queda redactado do seguinte xeito:

«Artigo 37. *Requisitos para o exercicio da actividade.*

Para o exercicio da actividade profesional de instalador ou de mantedor, as empresas deberán cumprir os seguintes requisitos e dispor da documentación que así o acredita:

a) Dispor da documentación que identifique o prestador, que, no caso de persoa xurídica, deberá estar constituída legalmente e incluír no seu obxecto social as actividades de montaxe e reparación de instalacións térmicas en edificios e/ou de mantemento e reparación de instalacións térmicas en edificios.

b) Estar dados de alta no correspondente réxime da Seguridade Social e ao día no cumprimento das obrigas do sistema.



En caso de persoas físicas estranxeiras non comunitarias, o cumprimento das previsións establecidas na normativa española vixente en materia de estranxeiría e inmigración.

c) Ter subscrito seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos que poidan derivar das súas actuacións, mediante póliza por unha contía mínima de 300.000 euros, que se actualizará anualmente, segundo a variación do índice de prezos de consumo, certificada polo Instituto Nacional de Estatística.

d) Dispoñibilidade, como mínimo, dun operario no cadro de persoal con carné profesional de instalacións térmicas de edificios.

Para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos ás empresas instaladoras ou mantedoras a que fai referencia este regulamento aceptaranse os documentos procedentes doutro Estado membro dos que se desprenda que se cumpren tales requisitos, nos termos previstos no artigo 17.2 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Dezaseis. O artigo 38 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 38. *Libre prestación.*

As empresas instaladoras de instalacións térmicas de edificios, legalmente establecidas en calquera outro Estado membro, que desexen exercer a actividade en territorio español, en réxime de libre prestación, deberán presentar, previamente ao inicio dela, unha única declaración responsable ante o órgano competente da comunidade autónoma onde inicien a actividade, na que o titular da empresa ou o seu representante legal manifieste que cumpren os requisitos para o exercicio da actividade establecidos nas alíneas c) e d) do artigo 37 deste regulamento, os datos que identifiquen que están establecidos legalmente nun Estado membro da Unión Europea para exercer as ditas actividades e declaración da inexistencia de prohibición de ningún tipo, no momento da declaración, que lle impida exercer a actividade no Estado membro de orixe. Para a acreditación do cumprimento do requisito establecido na letra d) abondará que a declaración se refira a dispor da documentación que acredite a capacitación do persoal afectado de acordo coa normativa do país de establecemento, en consonancia co previsto na normativa sobre recoñecemento de cualificacións.

A presentación da dita declaración responsable habilita para o exercicio da actividade en todo o territorio español e poderase adaptar ao modelo establecido no apéndice 5 deste regulamento.

No caso en que o dito exercicio da actividade en territorio español implique o desprazamento de traballadores das devanditas empresas de nacionalidade non comunitaria, deberán cumprir tamén o establecido na Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos transnacional.»

Dezasete. O artigo 39 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 39. *Rexistro.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas inscribirán de oficio nos seus correspondentes rexistros autonómicos os datos das empresas instaladoras ou mantedoras, con base na declaración responsable ou na comunicación de modificacións ou cesamento da actividade que teñan realizado.

2. A inscrición no rexistro non condicionará a habilitación para o exercicio da actividade.

3. Corresponderá ás comunidades autónomas elaborar e manter dispoñible para a súa presentación electrónica os modelos de declaración responsable e de comunicación de modificacións e cesamento. Para os efectos da inclusión no Rexistro Integrado Industrial, o órgano competente do Ministerio de Industria,

Turismo e Comercio elaborará e manterá actualizada unha proposta de modelos de declaración responsable, que deberá incluír os contidos mínimos necesarios que se subministrarán ao citado rexistro, incluíndo os datos do prestador, se é o caso da autoridade competente do Estado membro en que está habilitado, e especificando aqueles que terán carácter público.

4. O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación á empresa e remitirá ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio os datos necesarios para a súa inclusión no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa de desenvolvemento.»

Dezaioito. O artigo 40 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 40. *Exercicio da actividade.*

1. Ao abeiro do previsto no número 3 do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar a posteriori o declarado polo interesado.

En todo caso, a non presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar na devandita declaración habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e con audiencia previa do interesado, pola que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade e, se procede, se inhabilite temporalmente para o exercicio da actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas.

2. De acordo co disposto no artigo 4.4 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, o incumprimento dos requisitos e normas exixidos para o exercicio da actividade, unha vez verificado e declarado pola autoridade competente mediante resolución motivada e con audiencia previa do interesado, comportará o cesamento automático da actividade, salvo que poida incoarse un expediente de emenda do incumprimento e sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas.

3. En todo caso, o título V da referida Lei de industria será de aplicación cos efectos e sancións que procedan unha vez incoado o correspondente expediente sancionador.»

Dezanove. O número 1 do artigo 41 queda redactado da seguinte forma:

«1. O carné profesional en instalacións térmicas de edificios é o documento mediante o cal a Administración lle recoñece á persoa física titular del a capacidade técnica para desempeñar as actividades de instalación e mantemento das instalacións térmicas de edificios, identificándoo ante terceiros para exercer a súa profesión no ámbito deste RITE.»

«Vinte. O artigo 42 queda redactado nos seguintes termos:

1. Para obter o carné profesional de instalacións térmicas en edificios, as persoas físicas deben acreditar, ante a comunidade autónoma onde radique o interesado, as seguintes condicións:

a) Ser maior de idade.

b) Ter os coñecementos teóricos e prácticos sobre instalacións térmicas en edificios.

b.1 Entenderase que posúen os ditos coñecementos as persoas que acrediten as seguintes situacións:

a) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo nacional de cualificacións profesionais cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto do regulamento.

b) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto do regulamento;

c) Posuír unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, que inclúa como mínimo os contidos deste regulamento.

b.2 Os solicitantes do carné que non poidan acreditar as situacións exixidas no punto b.1, deben xustificar ter recibido e superado:

b.2.1 Un curso teórico e práctico de coñecementos básicos e outro sobre coñecementos específicos en instalacións térmicas de edificios, impartido por unha entidade recoñecida polo órgano competente da comunidade autónoma, coa duración e o contido indicados nos números 3.1 e 3.2 do apéndice 3.

b.2.2 Acreditar unha experiencia laboral de, polo menos, tres anos nunha empresa instaladora ou mantedora como técnico.

c) Ter superado un exame ante o órgano competente da comunidade autónoma, sobre coñecemento deste RITE.

2. Poderán obter directamente o carné profesional, mediante solicitude ante o órgano competente da comunidade autónoma e sen teren que cumprir o requisito da alínea c), polo procedemento que o devandito órgano estableza, os solicitantes que estean en posesión do título oficial de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo nacional de cualificacións profesionais cuxo contido formativo cubra as materias obxecto do regulamento ou teñan recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, ou posúan unha certificación outorgada por entidade acreditada para a certificación de persoas, segundo o establecido no Real decreto 2200/1995, que acredite os citados coñecementos de xeito explícito.

3. Os técnicos que dispoñan dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto do regulamento poderán obter directamente o carné, mediante solicitude ante o órgano competente da comunidade autónoma e sen teren que cumprir os requisitos enumerados nas alíneas b) e c), abondando coa presentación dunha copia compulsada do título académico.»

Vinte e un. Engádesse unha disposición adicional primeira ao final da parte I do regulamento coa seguinte redacción:

«Disposición adicional primeira. *Seguros e garantías de responsabilidade profesional.*

Cando a empresa instaladora ou mantedora que se establece en España, xa estea cuberta por un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente ou comparable no esencial en canto á súa finalidade e á cobertura que ofrezca en termos de risco asegurado, suma asegurada ou límite da garantía noutro Estado membro en que xa estea establecido, considerárase cumprida a exigencia establecida no artigo 37, alínea c), do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real decreto 1027/2007, de 20 xullo. Se a equivalencia cos requisitos é só parcial, poderá exixirse a ampliación do seguro ou outra garantía ata completar as condicións exixidas.»

Vinte e dous. Engádesse unha disposición adicional segunda ao final da parte I do regulamento coa seguinte redacción:

«Disposición adicional segunda. *Obrigas de información.*

As empresas instaladoras ou mantedoras a que fai referencia este real decreto deben cumprir as obrigas de información aos prestadores e as obrigas en materia de reclamacións establecidas, respectivamente, nos artigos 22 e 23 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.»

Vinte e tres. Engádesse un apéndice 4 co seguinte contido:

«APÉNDICE 4

**Modelo de declaración responsable relativo ao cumprimento dos requisitos para o exercicio da actividade profesional de instalador ou mantedor de instalacións térmicas nos edificios en réxime de establecemento.**

DATOS DO DECLARANTE			
APELIDOS E NOME		DNI/NIF	
REPRESENTANDO A EMPRESA		NIF	
EN CALIDADE DE			
ENDEREZO		CP	
POBOACIÓN		PROVINCIA / PAÍS	
TELÉFONO		CORREO ELECTRÓNICO	
FAX			
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	ENDEREZO		CP
	POBOACIÓN		PROVINCIA / PAÍS
	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

co obxecto de comunicar o inicio solicitar a súa habilitación para a actividade profesional de empresa instaladora ou mantedora [segundo proceda], conforme o establecido no Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, a empresa arriba indicada, baixo a súa persoal responsabilidade,

DECLARA

1. Que cumpre todos os requisitos establecidos no artigo 37 do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade.

2. Que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias estatais e locais, e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.

A presente declaración comporta a autorización do solicitante para que a Administración obteña de forma directa dos órganos competentes os comprobantes relativos ao cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Non obstante, o solicitante pode denegar expresamente a dita autorización marcando o recadro seguinte ; neste caso o solicitante deberá presentar os ditos comprobantes cando a Administración así o solicite.

E para que así conste e para os efectos da oportuna habilitación para o exercicio da actividade profesional de empresa instaladora ou mantedora, expide a presente declaración.

En                    o                    de                    de  
Selo da empresa e sinatura autorizada

Sr. Director .....»

Vinte e catro. Engádesse un apéndice 5 co seguinte contido:

«APÉNDICE 5

**Modelo de declaración responsable relativa ao cumprimento dos requisitos para o exercicio da actividade profesional de instalador ou mantedor de instalacións térmicas nos edificios por empresas establecidas nun Estado membro en réxime de libre prestación.**

DATOS DO SOLICITANTE			
APELIDOS E NOME			DNI/NIF/NIE
REPRESENTANDO A EMPRESA			CONSTITUÍDA EN
SEGUNDO DOCUMENTO		EN CALIDADE DE	
ENDEREZO		CP	
POBOACIÓN		PROVINCIA / PAÍS	
TELÉFONO			CORREO ELECTRÓNICO
FAX			
DOMICILIO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	ENDEREZO		CP
	POBOACIÓN		PROVINCIA / PAÍS
	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO

cao obxecto de comunicar o inicio solicitar a súa habilitación para a actividade profesional de empresa instaladora ou mantedora [segundo proceda], conforme o establecido no Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, a empresa arriba indicada, baixo a súa persoal responsabilidade,

DECLARA

1. Que cumpre todos os requisitos establecidos nas alíneas c) e d) do artigo 37 do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 de xullo.

2. Que está legalmente establecido, sen que existan prohibicións neste momento que lle impidan exercer a actividade, para exercer a actividade no seguinte Estado membro da Unión Europea:

Estado membro de establecemento:

Autoridade competente que o habilita:

Data da habilitación:

E para que así conste e para os efectos da oportuna habilitación para o exercicio da actividade profesional de empresa instaladora ou mantedora, expide a presente declaración.

En                    o                    de                    de  
Selo da empresa e firma autorizada

Sr. Director .....»

Disposición adicional primeira. *Seguros e garantías de responsabilidade profesional.*

Cando a empresa instaladora ou mantedora que se establece en España xa estea cuberta por un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente ou comparable no esencial en canto á súa finalidade e á cobertura que ofrezca en termos de risco asegurado, suma asegurada ou límite da garantía noutro Estado membro en que xa estea establecido, considerarase cumprida a exigencia establecida no artigo 37, alíneas c), do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 xullo. Se a equivalencia cos requisitos é só parcial, poderá exixirse a ampliación do seguro ou outra garantía ata completar as condicións exixidas.

Disposición adicional segunda. *Obrigas de información.*

As empresas instaladoras ou mantedoras a que fai referencia este real decreto deben cumprir as obrigas de información aos prestadores e as obrigas en materia de reclamacións establecidas, respectivamente, nos artigos 22 e 23 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Disposición transitoria primeira. *Habilitación de empresas instaladoras e mantedoras.*

As empresas instaladoras e mantedoras que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, presentasen ante o órgano competente da comunidade autónoma os documentos acreditativos de cumprimento dos requisitos para o exercicio da actividade profesional quedarán automaticamente habilitadas para o exercicio dela.

Disposición transitoria segunda. *Validez da habilitación ás empresas instaladoras e mantedoras.*

As empresas instaladoras e mantedoras que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, figuren inscritas no rexistro de empresas da correspondente comunidade autónoma, quedarán automaticamente habilitadas para o exercicio da actividade profesional en todo o territorio español e quedarán inscritas de oficio no Rexistro de empresas instaladoras ou mantedoras que se establece no artigo 39 do Regulamento de instalacións térmicas nos edificios, aprobado polo Real decreto 1027/2007, do 20 xullo.

Disposición transitoria terceira. *Prazos de adaptación das entidades existentes.*

As entidades existentes, tanto a título de ECA como de OCA, acreditadas no campo do Regulamento xeral de normas básicas de seguridade mineira, dispoñen dun prazo de dous anos para se adaptaren ao disposto neste real decreto, a partir da súa entrada en vigor.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias exclusivas en materia de bases e planificación xeral da actividade economía, e de bases do réxime mineiro e enerxético, que o Estado ten atribuídas no artigo 149.1. 13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 5 de marzo de 2010.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,  
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ.